



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN PARA INVESTIGACIÓN SOBRE IMPACTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO E ADAPTACIÓN DO MARISQUEO (PESQUERÍA DO PERCEBE) EN GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da consellería do Mar

DECLARA:

Que esta dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referenciado, por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 29 de setembro de 2021. As partes poderán acordar a súa prorroga antes da finalización do anterior prazo e por unha duración igual ou inferior á que se pactou inicialmente (4 anos), salvo comunicación expresa en contrario con 30 días de antelación a data de remate.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e o grupo FOL para o intercambio dos datos necesarios sobre o marisqueo en Galicia, incluída a pesquería do percebe, para a realización de tarefas de investigación sobre impactos do cambio climático e adaptación en Galicia, e o conseguinte intercambio de información entre ambas entidades para o estudo científico. As actuacións realizadas por FOL seguirán o programa de traballo que se recolle no Anexo I.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, no seu artigo 34.1, establece que os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídas ás Universidades públicas, os Organismos Públicos de Investigación da Administración Xeral do Estado, os organismos de investigación doutras Administracións Públicas, e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir acordos e convenios de colaboración suxeitos ao dereito administrativo.





A Universidade de Vigo como institución de servizo público, está aberta á sociedade e ten, entre outros, como fins prioritarios, fomentar a investigación e difundir a cultura no seo da sociedade. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Universidade de Vigo manterá relacións con centros de investigacións e con institucións culturais e sociais, e impulsará a celebración de acordos de investigación con entidades e organismos públicos e privados, así como de contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico.

O Grupo de Investigación Future Oceans (FOL) da Universidade de Vigo dirixido pola Dra. Elena Ojea Fernández-Colmeiro ten entre as súas principais liñas de investigación a avaliación dos impactos socioeconómicos do cambio climático e a adaptación social, económica e institucional a ditos impactos no medio mariño. Para elo, desenvolve ciencia innovadora con alto impacto internacional, tanto para o avance científico como para a súa integración nas políticas de xestión, traballando en diferentes áreas xeográficas e colaborando con investigadores de grupos internacionais. Na actualidade FOL desenvolve un proxecto ERC Starting Grant (CLOCK: Climate Adaptation to Shifting Stocks) do Consello Europeo de Investigación, no que entre os seus obxectivos ten o desenvolvemento dun caso de estudo no marisqueo en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E, para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 5 de marzo de 2018

